



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

ASISTENCIA Ó PLENO:

Alcalde:

Don Manuel Muíño Espasandín BNG

Concelleiros:

Dona María Pilar García García BNG

Don José Brenlla Castiñeira BNG

Don Germán Pérez Freire BNG

Dona Natalia Espasandín Pazos BNG

Dona Cristina Pardiñas Lorenzo BNG

Don José David Gómez Brandariz PP

Don David Rial Montes PP

Don José Martín Cundíns Suárez PP

Dona Sheila Rial Mata PSOE

Secretaría:

Dona Isabel Outeiriño Sánchez

Ausentes:

Don Manuel García Velo BNG

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 18.07.2025

En Zas, o día 18 de xullo de 2025, ás trece horas, reuníronse no salón de actos, habilitado para o efecto, baixo a presidencia do señor alcalde Don Manuel Muíño Espasandín, coa asistencia da secretaria e dos señores concelleiros relacionados ao marxe; co obxecto de desenvolver unha sesión ordinaria do Pleno, en base á orde do día circulada e para o que foron legalmente convocados.

A señora secretaria verifica, que na primeira convocatoria existe quórum suficiente de constitución. Unha vez que a Presidencia abriu o acto, pasouse a tratar os asuntos comprendidos na orde do día.

PRIMEIRO.- Aprobación da acta da sesión anterior de data 06.06.2025

O Sr. Alcalde pregunta se algún grupo ten algunha consideración que realizar.

Toma a palabra a voceira do PSOE, Dª Sheila Rial Mata e solicita que se incorpore nos rogos formulados por ela, o bacheo da carreteira das Agradas en Lamas, que está xunto ás cuerdas dado que non se recolleu na acta.

Sometida a votación esta inclusión, apróbase co voto a favor dos concelleiros do BNG, do PP e do PSOE e coa abstención de D. Germán Pérez Freire e Dª María Pilar García García, ao non asistir á sesión anterior.

SEGUNDO.- Dación de conta dos Decretos de alcaldía.

O Sr. Alcalde dá conta dos Decretos da alcaldía ditados e o Pleno dáse por enterado.

TERCEIRO.- Modificación de créditos nº 4/2025 crédito extraordinario

O Sr. Alcalde toma a palabra e explica brevemente o contido da proposta e posteriormente da lectura á mesma,

“PROPOSTA PLENO



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

Visto o expediente tramitado para modificar crédito dentro do vixente orzamento municipal, mediante crédito extraordinario financiado con remanente líquido de tesourería para gastos con financiamento afectado,

Vista a providencia de incoación do expediente de data 23/06/2025 e

Visto que existe un gasto que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, para o que non existe crédito no vixente orzamento, segundo se xustifica na Memoria que acompaña ao presente expediente de data tamén 23 de xuño, e dado que se dispón de Remanente de Tesourería nos termos que tamén se indican na memoria,

Visto o informe da intervención municipal 66.2025 de 24 de xuño de 2025 no que se informa desfavorablemente o expediente polas consecuencias sobre a estabilidade orzamentaria,

Visto o informe favorable de secretaria municipal de data 03/07/2025

E visto o informe desta Alcaldía de data 11 de xullo de 2025,

Visto que a proposta modificación mediante crédito extraordinario financiado con Remanente de Tesourería para gastos con financiamento afectado presenta o seguinte detalle:

MODIFICACIÓN PRESUESTARIA			
ORZAMENTO DE GASTOS		ORZAMENTO DE INGRESOS	
Aplicación orzamentaria	Importe	Aplicación orzamentaria	Importe
151.60900	96.800,00	870.10	96.800,00
TOTAL MODIFICACIÓN PRESUPUESTO GASTOS	96.800,00	TOTAL MODIFICACIÓN PRESUPUESTO INGRESOS	96.800,00

Considerando o exposto,

PROPOÑO AO PLENO A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 4/2025 de Crédito Extraordinario financiado con remanente de tesouraría para gastos con financiamento afectado do ano 2024

SEGUNDO. Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

TECEIRO. Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o período de exposición pública.

CUARTO. Publicar unha vez aprobada a modificación, un resumen da mesma a nivel capítulos no taboleiro municipal e no Boletín Oficial da Provincia

QUINTO. Facultar ao Alcalde para levar a cabo todos as xestións e actos administrativos necesarios para a entrada en vigor do crédito extraordinario así como para levar a cabo os gastos incluídos no mesmo."



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

Toma a palabra o voceiro do PP D. José David Gómez Brandariz, e expresa o sentido favorable do seu voto.

Tamén a voceira do PSOE toma a palabra, D^a Sheila Rial Mata e explica que votará a favor posto que considera que é unha necesidade do Concello.

Sometido a votación o pleno por unanimidade dos membros presentes (6 votos a favor do BNG, 3 votos a favor do PP e 1 voto a favor do PSOE) adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 4/2025 de Crédito Extraordinario financiado con remanente de tesouraría para gastos con financiamento afectado do ano 2024

SEGUNDO. Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

TECEIRO. Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o período de exposición pública.

CUARTO. Publicar unha vez aprobada a modificación, un resumen da mesma a nivel capítulos no taboleiro municipal e no Boletín Oficial da Provincia

QUINTO. Facultar ao Alcalde para levar a cabo todos as xestións e actos administrativos necesarios para a entrada en vigor do crédito extraordinario así como para levar a cabo os gastos incluídos no mesmo.

CUARTO.- Modificación de créditos n.º 5/2025 suplemento de crédito

O Sr. Alcalde toma a palabra e explica brevemente o contido da proposta, posteriormente da lectura á mesma,

“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do vixente orzamento municipal, que é o de 2024 prorrogado, por xeración de créditos en virtude do compromiso firme de apartación da Excm. Deputación Provincial da Coruña notificada telemáticamente a este Concello pola que se lle concede ao Concello de Zas unha subvención por importe de 84.905,89 dentro do POS+2025 euros, para a realización da obra “Substitución de céspede artificial e equipamentos deportivos do campo de fútbol municipal Platas Reinoso - Baio” e de suplemento de crédito para completar o importe total do proxecto.

Vista a providencia de incoación de expediente e vista a memoria xustificativa das modificacións orzamentarias propostas, a xeración de créditos en virtude de compromiso firme de aportación e un suplemento de crédito financiado con RLTXG pola diferenza asinadas por esta Alcaldía que constan no expediente de cara os expedientes oportunos e cuxo resumo sería o seguinte:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	
	Substitución de céspede artificial e equipamentos deportivos do campo de fútbol municipal Platas Reinoso - Baio



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

CÓDIGO PROXECTO DE GASTO:		25.16	
MODIFICACIÓN PRESUESTARIA			
ORZAMENTO DE GASTOS		ORZAMENTO DE INGRESOS	
Aplicación orzamentaria	Importe	Aplicación orzamentaria	Importe
342.63200	264.905,89	760.00 870.00	84.905,89 180.000,00
TOTAL MODIFICACIÓN PRESUPUESTO GASTOS	264.905,89	TOTAL MODIFICACIÓN PRESUPUESTO INGRESOS	264.905,89

Ante a existencia de un gasto específico e determinado (a Substitución de céspede artificial e equipamentos deportivos do campo de fútbol municipal Platas Reinoso – Baio) que non pode demorase ata o exercicio seguinte (xa que o campo de fútbol esta moi deteriorado e supón un perigo para os xogadores, sendo preciso arreglalo antes de que de comenzo a tempada 2025-2026 para evitar lesións e outro tipo de problemas), para o que non existen crédito no vixente orzamento municipal (xa que é o de 2024 prorrogado), dado que o Concello dispón de un remanente líquido de tesourería elevado e positivo derivado da liquidación do ano 2024, faise preciso a modificación de créditos de dito orzamento na modalidade de suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais para completar o total do proxecto pola parte non prevista pola subvención.

En canto ás aplicación orzamentarias a modificar, e a financiación da presente modificación, serían as seguintes:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO		Substitución de céspede artificial e equipamentos deportivos do campo de fútbol municipal Platas Reinoso – Baio	
CÓDIGO PROXECTO DE GASTO:		25.16	
MODIFICACIÓN PRESUESTARIA			
ORZAMENTO DE GASTOS		ORZAMENTO DE INGRESOS	
Aplicación orzamentaria	Importe	Aplicación orzamentaria	Importe
342.63200	180.000,00	870.00	180.000,00
TOTAL MODIFICACIÓN PRESUPUESTO GASTOS	180.000,00	TOTAL MODIFICACIÓN PRESUPUESTO INGRESOS	180.000,00

Visto que por Decreto de Alcaldía nº210/2025 de data 27/06/2025 aprobouse a xeración de crédito.

Visto o informe desfavorable da interventora municipal de data 27 de xuño de 2025 relativo á citada modificación orzamentaria polas consecuencias sobre a estabilidade orzamentaria

E Visto o disposto na base nº 9 e no capítulo 2º das BEO do ano 2024, prorrogadas actualmente, así como nos arts. 177 do TRLRFL e 35 e seguintes do RD 500/90.

Emítase a presente PROPOSTA de modificación orzamentaria:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 5/2025 de suplemento crédito financiado con remanente líquido de tesourería do ano 2024 por importe de 180.000 euros.

SEGUNDO. Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

TECEIRO. Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o período de exposición pública.

CUARTO. Publicar unha vez aprobada a modificación, un resumen da mesma a nivel capítulos no taboleiro municipal e no Boletín Oficial da Provincia

QUINTO. Facultar ao Alcalde para levar a cabo todos as xestións e actos administrativos necesarios para a entrada en vigor do suplemento de crédito así como para levar a cabo os gastos incluídos no mesmo,"

Toma a palabra o voceiro do PP, D. José David Gómez Brandariz e explica que é un rogo que pedimos varias veces e que consideran que é unha obra necesaria para o Concello.

Toma a palabra a voceira do PSOE, D^a Sheila Rial Mata e explica que tamén votarán a favor, ao considerar que é unha obra necesaria.

Sometido a votación o pleno por unanimidade dos membros presentes (6 votos a favor do BNG, 3 votos a favor do PP e 1 voto a favor do PSOE) adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 5/2025 de suplemento crédito financiado con remanente líquido de tesourería do ano 2024 por importe de 180.000 euros.

SEGUNDO. Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

TECEIRO. Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o período de exposición pública.

CUARTO. Publicar unha vez aprobada a modificación, un resumen da mesma a nivel capítulos no taboleiro municipal e no Boletín Oficial da Provincia

QUINTO. Facultar ao Alcalde para levar a cabo todos as xestións e actos administrativos necesarios para a entrada en vigor do suplemento de crédito así como para levar a cabo os gastos incluídos no mesmo.

QUINTO.- Adhesión ao convenio subscrito entre o Ministerio para a Transformación Dixital e Función Pública e a Comunidade Autónoma de Galicia

O Sr. Alcalde toma a palabra e explica brevemente o contido da proposta,

"PROPUESTA DE ALCALDÍA

Vista la providencia de Alcaldía de fecha 08.07.2025

Visto que con fecha 18/02/2025 se firmó un nuevo Convenio entre el Ministerio para la Transformación Digital y de la Función Pública (Secretaría de Estado de Función Pública) y la Comunidad Autónoma de Galicia para la prestación mutua de soluciones básicas de administración digital, que sustituye al Convenio de Colaboración con la Xunta de Galicia para la prestación mutua de soluciones básicas de administración electrónica firmado el 31 de octubre de 2013.

Visto que el Ayuntamiento de Zas estaba adherido al anterior convenio desde el año 2017.

*En el ejercicio de competencias que me atribuye la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local, **PROPONGO LA ADOPCIÓN DEL SIGUIENTE ACUERDO,***



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

PRIMERO.- Que, con fecha 18 de febrero de 2025, se suscribió el Convenio entre el Ministerio para la Transformación Digital y de la Función Pública (Secretaría General de Administración Digital y Dirección General de Gobernanza Pública) y la Comunidad Autónoma de Galicia para la prestación mutua de soluciones básicas de administración digital.

SEGUNDO.- Que, mediante la suscripción del presente acto de adhesión, el Ayuntamiento de Zas, en tanto que se trata de una entidad local previstas en el artículo 3.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local, existentes en el ámbito territorial de la Comunidad Autónoma de Galicia, expresa su voluntad de adherirse a dicho Convenio, y acepta de forma incondicionada la totalidad de sus cláusulas en cuanto le sean de aplicación, pudiendo quedar adherido a cualesquiera de las soluciones básicas objeto de este convenio y cuyas especificaciones técnicas y funcionales se recogen en el anexo I del mismo.

TERCERO.- Que, delega en la Comunidad Autónoma de Galicia su participación en la Comisión de Seguimiento prevista en la cláusula octava del convenio aceptando las decisiones tomadas en el seno de dicha comisión, sin perjuicio de lo señalado en la mencionada cláusula.

CUARTO.- Que, la adhesión tiene efectos desde la fecha de inscripción de la presente acta en el Registro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación del sector público estatal, previa firma, y perdurará durante el periodo de vigencia del citado convenio.

QUINTO.- Que se habilite al Alcalde a la firma de todos los documentos que sean necesarios para la suscripción de esta adhesión al Convenio."

Sometido a votación o pleno por unanimidade dos membros presentes (6 votos a favor do BNG, 3 votos a favor do PP e 1 voto a favor do PSOE) adopta o seguinte **ACORDO**:

"PRIMERO.- Que, con fecha 18 de febrero de 2025, se suscribió el Convenio entre el Ministerio para la Transformación Digital y de la Función Pública (Secretaría General de Administración Digital y Dirección General de Gobernanza Pública) y la Comunidad Autónoma de Galicia para la prestación mutua de soluciones básicas de administración digital.

SEGUNDO.- Que, mediante la suscripción del presente acto de adhesión, el Ayuntamiento de Zas, en tanto que se trata de una entidad local previstas en el artículo 3.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local, existentes en el ámbito territorial de la Comunidad Autónoma de Galicia, expresa su voluntad de adherirse a dicho Convenio, y acepta de forma incondicionada la totalidad de sus cláusulas en cuanto le sean de aplicación, pudiendo quedar adherido a cualesquiera de las soluciones básicas objeto de este convenio y cuyas especificaciones técnicas y funcionales se recogen en el anexo I del mismo.

TERCERO.- Que, delega en la Comunidad Autónoma de Galicia su participación en la Comisión de Seguimiento prevista en la cláusula octava del convenio aceptando las decisiones tomadas en el seno de dicha comisión, sin perjuicio de lo señalado en la mencionada cláusula.

CUARTO.- Que, la adhesión tiene efectos desde la fecha de inscripción de la presente acta en el Registro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación del sector público estatal, previa firma, y perdurará durante el periodo de vigencia del citado convenio.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

QUINTO.- *Que se habilite al Alcalde a la firma de todos los documentos que sean necesarios para la suscripción de esta adhesión al Convenio."*

SEXTO.- MOCIÓN DE URXENCIA

O Sr. Alcalde pregunta os Sr. Voceiros se teñen algún asunto urxente que tratar antes de dar paso á quenda de rogos e preguntas.

Toma a palabra a D^a Sheila Rial Mata, voceira do PSOE, e expón que quería tratar unha moción, xustificando a súa urxencia, ao abeiro do artigo 82.3 do ROF, debido a feitos novos de especial relevancia. Manifesta que esta moción responde a unha cuestión de interese público xa que se trata dunha infraestrutura vital para frear o despoboamento e mellorar a cohesión territorial e cun claro impacto na mobilidade, na economía e nos servizos públicos da comarca e debido ao recente anuncio por parte da Xunta de Galicia sobre a execución parcial do tramo de Santa Irena – Calo, deixando fora os tramos entre Baio – Berdoias, e cree que require unha resposta institucional urxente para visibilizar a postura deste Concello.

Sometida a votación á urxencia, por unanimidade dos membros presentes da corporación, apróbase a urxencia e o Pleno, entra a tratar o asunto.

O Sr. Alcalde da a palabra á voceira do PSOE para que explique a súa moción.

Toma a palabra D^a Sheila Rial Mata e expón a seguinte moción,
“

O Grupo Municipal Socialista de Zas por iniciativa da súa portavoz Sheila Rial Mata, de acordo e ao abeiro do disposto Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **Moción** sobre a reclamación da finalización das obras de construción da Autovía da Costa da Morte.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Solicito a inclusión por urxencia desta moción no Pleno ao abeiro do artigo 82.3 do ROF, debido a feitos novos de especial relevancia:

Esta moción responde a unha cuestión de interese público xa que se trata dunha infraestrutura vital para frear o despoboamento e mellorar a cohesión territorial e cun claro impacto na mobilidade, na economía e nos servizos públicos da comarca e debido ao recente anuncio por parte da Xunta de Galicia sobre a execución parcial do tramo de Santa Irena – Calo, deixando fora os tramos entre Baio – Berdoias (e creo que require unha resposta institucional urxente para visibilizar a postura deste Concello).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autovía da Costa da Morte foi unha das promesas que o daquela presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, fixo a unha das comarcas máis illadas de Galicia, tras o afundimento do petroleiro Prestige a finais de 2002, é dicir, hai agora vinte anos, sendo o reequilibrio territorial o motivo principal da súa construción.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
[//www.concellodezas.org/](http://www.concellodezas.org/)

A dita infraestrutura foi licitada por primeira vez en xullo de 2007 polo Goberno bipartito encabezado polo presidente Emilio Pérez Touriño, e adxudicouse a unha UTE formada por Ferrovial e Taboada y Ramos, que se comprometeu a facela por 584 millóns de euros, pero que, pouco despois de iniciar os traballos a finais de 2008, xa lle dicía ao Goberno galego que non sería capaz de finalizala se non se lle pagaba un 30 % máis.

A maiores desta licitación, o goberno de Pérez Touriño deixou elaborado o estudo previo para a redacción do proxecto do tramo de Berdoias a Cee, para así completar a totalidade dunha infraestrutura clave e necesaria para a veciñanza da Costa da Morte.

Coa chegada do PP á Xunta de Galicia, o novo goberno rexeitou as pretensións da empresa, rescindíndolle o contrato e licitándoo novamente, lixeiramente modificado en decembro de 2009 e sendo a oferta mellor valorada a UTE formada, entre outras por FCC e Covsa, que resultou ser a máis cara, con 979 millóns de euros, é dicir, cun sobrecusto de 395 millóns de euros con respecto á licitación do bipartito.

A segunda candidata nesa segunda licitación, unha UTE de Dragados e Puentes, que ofertaba a obra por 200 millóns menos, levou o proceso ao xulgado e en setembro do mesmo ano, tres meses despois da denuncia presentada polos socialistas, a daquela directora xeral de Infraestruturas da Xunta de Galicia, Isabel Vila, deixaba o cargo e era asumido pola que máis adiante se convertería en conselleira, Ethel Vázquez, que volveu licitar a obra por terceira vez en maio de 2011 por 745 millóns, á que só se presentaron dúas ofertas, de ACS e a da UTE que resultou finalmente adxudicataria, formada por Copasa, Taboada y Ramos (presentes na concesionaria do bipartito), Covsa (participante na oferta do suposto sobrecusto) e CRC.

En abril de 2012 o conselleiro Agustín Hernández fixo unha visita á Costa da Morte para, segundo as súas palabras, "trasladarlle aos veciños da Costa da Morte que o Goberno da Xunta é o primeiro que apoia a execución da autovía: estivemos, estamos e estaremos á cabeza desta infraestrutura que é imprescindible e inaprazable; trasladarlle á empresa construtora e á empresa concesionaria e aos traballadores o apoio da Xunta de Galicia na execución da obra e na busca do financiamento necesario para a súa execución e manter unha rigorosa tutela e vixilancia do contrato adxudicado, como non podía ser doutro xeito".

Ao mesmo tempo que dicía o conselleiro que "quería denunciar a grave irresponsabilidade daqueles que lanzan dúbidas e incertezas sobre a actuación e que o que necesita a comarca é rigor, traballo e certezas, toca apoiar ao Goberno para que a obra remate en prazo".

En febreiro de 2013, case dous anos despois da terceira adxudicación, a Xunta informaba ao Parlamento de que o grao de execución da obra non tiña superado aínda o 20 %, ante o que o Goberno galego argumentou que a concesionaria non era capaz de atopar o financiamento ao que se tiña comprometido para poder acometer os traballos; e no canto de rescindirle o contrato, como se fixo ante unha situación similar coa primeira adxudicataria dos socialistas, o Goberno de Feijoo optou por incluír un artigo na Lei de medidas fiscais e administrativas, a denominada Lei de acompañamento dos orzamentos autonómicos para 2015, perdoándolle á empresa a execución dos últimos 15 quilómetros da vía, entre Baio e Berdoias, quedando así a autovía recortada dos 45 quilómetros inicialmente previstos a só os 25 km que van de Carballo



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

a Baio, un 35 % menos da lonxitude do proxectado inicialmente e polo que a Xunta aforra só un 17 % do importe total previsto.

O 4 de decembro de 2013 o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, volveu a prometer que a obra estaría lista en 2016 obviando que debería estar no 2013 e reiterou que "o Goberno galego non caerá na postergación, na relegación ou no esquecemento da autovía Carballo-Berdoias" e manifestou que esperaba que "en cuestión de semanas, e co novo ano, se recupere o ritmo das obras".

Tras máis de ano e medio de paralización total das obras, en outubro de 2016 entrou en servizo o tramo Carballo-Berdoias, de 25 quilómetros de autovía e 8 quilómetros de corredor, permitindo á comarca da Costa da Morte reducir en máis de 25 minutos as súas comunicacións coa Coruña.

Na inauguración do tramo en 2016 o daquela presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Feijoo dicía: "Estamos contentos pero non significa que esteamos conformes, contentos pero aínda non conformes, polo que ao mesmo tempo que se pon en funcionamento este tramo Carballo-Zas, a Axencia Galega de Infraestruturas, a Consellería de Infraestruturas, ten enriba da mesa o proxecto construtivo para conectar o final desta autovía co concello de Vimianzo e dende aí entroncar coas vías que conectan Vimianzo coa Costa da morte ata o concello de Camariñas".

A partires dese ano, vemos como ano tras ano, a Xunta de Galicia incluía nos sucesivos orzamentos autonómicos dotacións plurianuais claramente insuficientes e de distintos importes para levar a cabo a promesa incumplida de rematar a autovía da Costa da Morte, sen que dende entón se tiver avanzado absolutamente nada a pesares das peticións e reivindicacións por parte dos Concellos da Costa da Morte.

A principios deste mes de xuño, o Consello da Xunta deu luz verde ao proxecto de prolongación da autovía da Costa da Morte no tramo comprendido entre Santa Irena, no concello de Vimianzo, e a intersección coa AC-432 en Calo, que enlaza Vimianzo e Camariñas. Esta prolongación terá unha lonxitude de 5,5 quilómetros e parte do trazado xa conta con movementos de terra executados en fases anteriores.

Celebramos esta nova tras as múltiples peticións e demandas levadas a cabo pola alcaldesa de Camariñas, pero tamén queremos volver a reclamar que estamos ante dúas comarcas da nosa provincia, a de Bergantiños e a da Costa Atlántica, que ano tras ano perden poboación a un ritmo demasiado acelerado e sen que por parte da Xunta de Galicia se adopten medidas que teñan un impacto real para frear esta sangría demográfica, sen infraestruturas que vertebran o territorio e sen unha aposta firme polos servizos públicos de calidade nestes concellos.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Socialista eleva ao pleno esta **moción** e presenta para o seu debate e posterior aprobación, si procede os seguintes **ACORDOS**:

O Pleno do Concello de Zas Insta a Xunta de Galicia a:

- 1- A que realice todas as actuacións precisas para levar a cabo a construción do tramo da autovía da Costa da Morte que vai de Baio a Berdoias.
- 2- A que redacte o proxecto necesario para a construción do último tramo Berdoias a Cee.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

3- A que proceda á supresión da peaxe, que é tamén unha reclamación histórica de toda a comarca.

4- A que estableza unha bonificación maior na peaxes existentes na AG-55 mentres non se faga efectivo o punto precedente. “

A voceira do PSOE D^a Sheila Rial Mata expón: que trae a este pleno unha moción, que se está levando aos plenos de toda a comarca e que recolle unha demanda histórica da nosa comarca: a finalización da Autovía da Costa da Morte. Un proxecto que leva máis de vinte anos sobre a mesa, que foi prometido tras a catástrofe do Prestige, a finais do 2002, e que o motivo da súa construción era o reequilibrio territorial.

Desde a primeira licitación en 2007 ata hoxe, esta autovía acumula retrasos, sobrecustes, paralizacións e recortes, pasando a autovía de 45km inicialmente previstos, a só 25 quilómetros executados.

Na inauguración do tramo de 25 km de autovía e 8 de corredor, no ano 2016, xa se anunciaba o proxecto construtivo dos seguintes tramos. A realidade é que nove anos despois a veciñanza desta comarca segue esperando.

Recentemente, en xuño, deu luz verde ao proxecto de prolongación da autovía da Costa da Morte no tramo comprendido entre Santa Irena, no concello de Vimianzo, e a intersección coa AC-432 en Calo, que enlaza Vimianzo e Camariñas. Esta prolongación terá unha lonxitude de 5,5 quilómetros e parte do trazado xa conta con movementos de terra executados en fases anteriores.

Un anuncio que celebra e celebran, pero que non é suficiente. “Estamos contentos pero non significa que esteamos conformes, contentos pero aínda non conformes” dicía o daquela Presidente da Xunta, o Sr. Feijóo e efectivamente isto é o que pasa, celebra que se reactive un pequeno tramo, pero que non podemos estar conformes despois de tantos anos esperando non podemos resignarnos á versión recortada dunha infraestrutura esencial para a vertebración do noso territorio. Falamos dunha conexión básica, xa iniciada, con estudos feitos e cun trazado en parte xa expropiado.

Por iso, solicita o apoio deste pleno para instar á Xunta a retomar o proxecto completo, a redactar o tramo final ata Cee, e a suprimir, ou bonificar máis das bonificacións que hai mentres non se eliminan as peaxes da AG-55, que son unha carga inxusta para as familias e empresas da comarca.

Non se piden privilexios, pídesse xustiza territorial. Galicia non pode avanzar deixando atrás á Costa da Morte.

Toma a palabra o voceiro do PP, D. José David Gómez Brandariz e pregunta, por que se pide so ata Cee e non ata Fisterra?

D^a Sheila Rial Mata contesta que se remata en Fisterra mellor, pero solicitan ata Cee porque os estudos están listos ata alí.

D. José David Gómez Brandariz, manifesta que están conformes con que se faga a autovía, pero “pedir non ten cancelas”, non obstante o seu voto será favorable.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, e da a benvinda á moción, considerando que cantos máis se incorporen á causa pois mellor, e explica que votarán a favor, posto que é algo que levan pedindo anos e con relación aos peaxes xa se solicitou fai anos polo BNG a gratuidade da infraestrutura.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

Toma a palabra a voceira do PSOE e manifesta que o seu partido leva moito tempo con esta reclamación, dende a pandemia.

Sometido a votación o pleno por unanimidade dos membros presentes (6 votos a favor do BNG, 3 votos a favor do PP e 1 voto a favor do PSOE) adopta o seguinte **ACORDO**:

Instar á Xunta de Galicia a:

- 1- A que realice todas as actuacións precisas para levar a cabo a construción do tramo da autovía da Costa da Morte que vai de Baio a Berdoias.
- 2- A que redacte o proxecto necesario para a construción do último tramo Berdoias a Cee.
- 3- A que proceda á supresión da peaxe, que é tamén unha reclamación histórica de toda a comarca.
- 4- A que estableza unha bonificación maior na peaxes existentes na AG-55 mentres non se faga efectivo o punto precedente.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS

Toma a palabra o voceiro do PP, D. José David Gómez Brandariz, e formula as seguintes preguntas:

- Na relación de decretos figura unha multa municipal? Quen a vai a pagar?
O Sr. Alcalde contesta manifestado que a pagará o Concello.
D. José David Gómez Brandariz manifesta que cada un debería pagar as súas multas.
- Hai un decreto que fai referencia ao pago dunhas costas de responsabilidade patrimonial, pode explicar este asunto?
O Sr. Alcalde manifesta que se trata dunha sentenza xudicial na que condenan ao Concello ao pago dunha responsabilidade patrimonial e como o seguro se fai cargo unicamente corresponde ao Concello o pago da franquicia e das costas fixadas na sentenza.
- Como está o tema da mellora das infraestruturas en casa de Maximino?
O Sr. Alcalde contesta que atópase no orzamento pero que todavía non hai acordo.
- Como vai funcionar o punto de información turística de Brandomil?
- Como vai a campaña de desbroces, porque vimos o tractor municipal parado e unicamente vimos desbrozando ao persoal dunha empresa e non ao do Concello.
- Cal é o estado do expediente do cementerio de Mira?
- Cal é o estado da RPT?

D. José David Gómez Brandariz, e formula os seguintes Rogos,

- Que se pinte e se desbroce a estrada que vai dende A Pilla- Brandomil.
- Que se pinte e se desbroce a estrada que vai dende Fontespiño- As Abellas
- Que se desbroce ata Fornelos e que se arranxe o firme.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e pasa a contestar as preguntas pendentes:



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

- Con relación ao punto de información turística, polo momento andan coa obra e despois deberan asinar un convenio co Concello para a colaboración entre ambas entidades.
- Con relación á campaña de desbroces, o tractor o usa Carlos, pero as veces ten que dedicarse a outras cousas e por iso o podedes ver parado.
- O cemiterio de Mira, intentaremos retomar o tema, porque agora está parado.
- A RPT espero que saia a diante, corrixíronse uns erros e agora esperamos poder tramitala.
- Con relación aos rogos, intentaremos pintar e desbrozar o solicitado.

O Sr. Alcalde explica que quere contestar á petición formulada pola voceira do PSOE, Dª Sheila Rial Mata, de reprogramación da Comisión Especial de Contas, e manifesta que a convocatoria da Comisión é unha facultade da Alcaldía e sempre procuramos que participe todo o mundo, pero quere deixar claro que non se vulnerou o dereito á participación política de todos os seus membros e remarca que os concelleiros teñen dereito a asistir ás Comisións pero tamén teñen o deber de asistir, tal e como se fixa no ROF.

A voceira do PSOE, Dª Sheila Rial Mata, contesta que unicamente solicitou se se podía realizar o cambio.

O Sr. Alcalde contesta que sempre que se pode se cambia a data para que a todos nos vaia ben, pero que son as facultades de organización da Alcaldía e que isto non supón que se dificulte a participación política.

Non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde da por terminado o acto, ás 14.00 horas do día da data, do que se estende a presente acta, que eu, a secretaria, certifico e asino, autorizando a mesma, xunto co señor Alcalde.

En Zas,

A Secretaria

VºPr.

O Alcalde

Isabel Outeiriño Sánchez

Manuel Muíño Espasandín